



Peruxiño e Maruxiña

“Boas noites, Maruxiña,
que cansadiño che veño,
dame un tallo pra sentarme
porque eu de pé non me teño.”

“E que milagro, Peruxo,
vir hoxe tan sofocado
non sei que traerás de novo
por aí algún milagro.”

“Pois traigoche unha noticia
que agora che vou contar,
veño saber se me queres
porque eu quérome casar.”

“E se te queres casar
eu xa che estou rabeando
así que se ti me queres
casámonos de contado.”

“Pois logo nos casaremos”
contestoulle Peruxiño,
“porque agora no inverno
non para ó demo co frío.”

“Eu tamén estou tremando”
Díxolle á tía Maruxa,
“siempre cando vou á cama
teño que ir soprando as uñas.”

“Pois pra quitar ese frío
hai que buscar un remedio,
esta noite, Maruxiña,
e mellor que nos xuntemos.”

“Eu xuntar ben me xuntaba
se non fora ó resultado
pero se me fas un neno
despois teño que crialo.”

“Non faigas caso, Maruxa,
a que Dios nos deia un neno,
hei traballar canto poida
pra ganar con que mantelo.”



“E xa que tanto me queres
eu a ti tamén che quero
pero antes de xuntarnos
hai que casarse primeiro.”

“Pois se é que nos casamos
gastamos moito diñeiro,
o cura e o sancristán
son un fato de larpeiros.”

“E se é que nos xuntamos”
constestoulle a Maruxiña,
“van a decir pola aldea
que levamos mala vida.”

“Non faigas caso, Maruxa,
a que falen pola aldea
decimos que nos casamos
por detrás da ramalleira.”

“Alabado seña Dios,
sei que a ti te tente ó demo
non veñas con ises contos
porque entonces non te quero.”

“Cala, por Dios, Maruxiña,
non me faigas rabear
eu ben sei que ti me queres
pero quero lo desmular.”

Enfadado o Peruxiño,
trataron o casamento,
botaron as municións
e casouse moi contento.

Ahora voulles contar
o que engañan as mulleres,
o probe do Peruxiño
déronlle gato por lebre.

Alá na primeira noite
que durmiu coa Maruxiña
xa lle empezou a decir
que lle doe a barriga.

Hasta que os poucos momentos
saille rebrincando-a cría
i o Peruxiño asustado
deu un brinco e foi a cocina.



“Levántate, miña sogra,
que teño a muller parida
i eu non sei quen é o pai
a ver se conoze a cría.”

“ O pai éche o señor cura”
dixolle o demo da vella,
“pero ti non digas nada
que nos dá moitas cadelas.”

“Pois dounos catro mil réas
pra comprar unhos becerros
así que, meu Peruxiño,
ti podes estar contento.”

“Eu ben contento che estou,
que viva el moitos anos,
pois sacoume de un apuro
e aforroume dun traballo.”

Así é que de hoxe en día,
mociños, tende coidado,
se non queredes levar
muller comida dos ratos.